

## **CIRCULAR 129-2026.**

### **XIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 14**

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 28 de xuño nas pistas de Balaídos (Vigo), o Campionato Xunta de Galicia de Clubs Sub 14.

**Art.2).**- Poderán intervir os 16 clubs masculinos e femininos con mellor estadillo de marcas a un atleta por proba e coas mesmas condicións previstas no art. 3.

- **A presentación de estadillos realizarase remitindo a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) o documento "Confección do Estadillo" publicado na web da FGA ([pode acceder premendo aquí](#)) e indicando, en todo caso, nome e apelidos do atleta, marca, lugar e data de realización.**

- **O prazo de presentación rematará ás 23:45 h. do luns 15 de xuño.**

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026, tanto en aire libre como en pista curta, por atletas con licenza en vigor polo club participante ou asociados a este, aínda que teñan estado noutro club no 2025.
- As táboas de puntuación mesturan táboas da WA, da RFEA e da propia FGA, elaboradas para esta competición.
- En caso de empate, resolverase en favor do club que teña maior puntuación nunha proba individual; de persistir o empate, en favor do que obteña a segunda mellor puntuación e así sucesivamente.
- **As probas a presentar no estadillo son as seguintes:**

**80, 150, 500, 1.000, 2.000 (ou 3.000), 80v, 220v, 1.000 obstáculos, altura, pértega, lonxitude, triplo, peso, disco, xavelina, martelo de 2kg (ou 3kg) e 2.000 marcha (ou 3.000 marcha).**

**Art.3).**- Poderán participar atletas Sub 14 pertencentes aos clubs clasificados e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta poderá participar en dúas probas (no caso de ser carreiras, só unha poderá superar os 230m).
- Número máximo de participacións de clubs asociados por equipo: 4

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

**Art.4).**- Prazo de reclamacións e renuncias.

- Rematará ás 20:00 horas do xoves 18 de xuño e serán remitidas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Aqueles clubs que, non estando entre os equipos provisionalmente clasificados, queiran renunciar á posibilidade de acadar praza na listaxe definitiva, deberán comunicalo neste mesmo prazo.

**Art.5).**- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 22 de xuño.

- Cada Club deberá realizar inscrición nun mínimo de 14 probas, non sendo admitidos aqueles que non cubran ditas prazas.

**Art.6).**- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados na proba de remudas non se contabilizarán.

**Art.7).**- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Remudas	7'
Pértega*	35'
Concursos restantes	20'

\*No caso de haber máis de 8 atletas inscritos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

**Art.8).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.9).**- Sorteio de estaxes e orde de actuación.

- Pr acordo da Comisión de Clubs, realizarase un sorteio aleatorio en cada unha das probas.

**Art.10).**- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación abrirá ás 9:00 horas e pechará 50' antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

**Art.11).**- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.

**Art.12).**- Distancias das liñas de batida:

- Lonxitude → 2 m.
- Triplo → 6 e 8 m.



**Art.13).- Cadencias nos saltos verticais.**

Altura Fem	-8	1.14 – 1.20 – 1.24 – 1.28 – 1.32 e de 3 en 3 cm.
Altura Masc	-8	1.18 – 1.24 – 1.28 – 1.32 – 1.36 e de 3 en 3 cm.
Pértega	1.60	e de 10 en 10 cm.

- Non se realizará desempate polo primeiro posto.

**Art.14).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)**

XORNADA DE MAÑÁ					
HORA	CARREIRAS	HORIZONTAIS	VERTICAIS	LANZAMENTOS	
10:00	2000 marcha Masc		Altura Fem		Martelo Masc
10:20	2000marcha Fem				
10:50	80v Masc (0,84)				
10:55		Lonxitude Masc			
10:56	80v Masc (0,84)				
11:10	80v Fem (0,76)				
11:15					Martelo Fem
11:16	80v Fem (0,76)				
11:30	80 Masc				
11:36	80 Masc				
11:42	80 Fem				
11:48	80 Fem				
12:00	1000 obst. Masc	Lonxitude Fem	Altura Masc		
12:12	1000 obst. Fem				
12:26	150 Masc				
12:32	150 Masc				
12:38	150 Fem				
12:44	150 Fem				
12:45					Xavelina Fem
12:50	150 Fem				
13:15				Peso Masc	

XORNADA DE TARDE					
HORA	CARREIRAS	HORIZONTAIS	VERTICAIS	LANZAMENTOS	
16:30		Triplo Fem	Pértega F e M		Xavelina Masc
17:15	220 mv Masc (0,76)				
17:22	220 mv Masc (0,76)				
17:30	220 mv Fem (0,76)				Disco Fem
17:37	220 mv Fem (0,76)				
17:45		Triplo Masc			
17:51	500 Masc				
17:58	500 Fem				
18:05	1000 Masc				
18:13	1000 Fem				
18:15				Peso Fem	
18:21	2000 Masc				
18:35	2000 Fem				
19:00	4x80 Masc				Disco Masc
19:08	4x80 Masc				
19:16	4x80 Fem				
19:24	4x80 Fem				



**Art.15).- O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ó seguinte:**

1º=N; 2º=N-1; 3º=N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.  
En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descualificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 14 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

**Art.16).- Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.**

**Art.17).- Establécense as seguintes recargas e penalizacións:**

- Inscricións fora de prazo: 25 € por equipo. Deberán ser enviadas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para a súa valoración.
- Aqueles clubs que, logo do prazo de reclamacións e renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competición, terán unha penalización de 50€ por equipo.

**Art.18).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.**

A Coruña, a 10 de xuño do 2026

Yolanda González Fernández  
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo